Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Flora

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Malva

A flor de malva sigue no transcurso do día a dirección do sol. As follas en infusión recoméndanse para os propensos a asustarse. A semente de malva ten, segundo Plinio, quen cita a Xenócrates, poder afrodisíaco. No *Libellus. De secretis mulierum* (tratado erroneamente atribuido a Alberto Magno escrito en latín entre os séculos XIII e XIV) recoméndase a malva como medio seguro para saber se unha muller moza é virxe ou non. Tamén se di de alguén que morre que vai *criar malvas* en alusión a abundancia destas plantas nos antigos camposantos.

Nalgúns lugares de Galicia durante a cea de Noiteboa poñíanse en auga flores de malva recollidas na madrugada do día de San Xoán; por tanto as flores xa estaban mirradas e estragadas, mais din que á mañá seguinte, a do día 25, aparecían tersas, frescas e recendentes coma se fosen acabadas de cortar.



BIBLIOGRAFÍA

GUBERNATIS, Angelo de, *Mitología de las plantas. Leyendas del reino vegetal*, Olañeta, 2003.

TABOADA CHIVITE, Xesús; La navidad gallega y su ritualidad, en *Ritos y creencias gallegas*, A Coruña, 1980. Hai versión en galego na colección Alicerces, 3, Museo do Pobo Galego, 1992.